



DEPORTE  
GALEGO

# CAMPIONATO SELECTIVO

## MAR-COSTA 1º E 2º DIA.

O Campionato Selectivo de Mar-Costa, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. Esta Competición rexeráse por estas bases, pola normativa de pesca marítima deportiva da Xunta de Galicia e polo Regulamento de Competición da FGPeC.

### Lugar e Data:

**1º Día.** PRAIA DE COROSO (alternativa praia de Agueira)

Data : 19 de outubro do 2024 (data alternativa 26 de outubro de 2024)

**2º DIA.** PRAIA DE LAXE (alternativa praia da Langosteira)

Data: 9 de novembro do 2024 (data alternativa 16 de novembro do 2024)

### Asistencia Deportistas:

Cómpre que tódolos clubs confirmen a asistencia dos seus deportistas ata a data lince do 10 de outubro do 2024 ás 12 horas. As confirmacións é imperativo facelas exclusivamente ao correo [delegadocoruna@fgpesca.org](mailto:delegadocoruna@fgpesca.org) axuntando o xustificante do ingreso dos 50.- € (25 X 2) na conta ES34 2080 0176 9630 4001 0672.

É obrigatorio que cada Club achegue unha persoa para facer labores de Control por cada catro deportistas inscritos. O non cumprimento deste acordo suporá que os membros do Club non poidan participar na competición.

### BASES

**Xurado:** A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

**Mangas:** Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como no remate da manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo semidirixido.



DEPORTE  
GALEGO

**Capturas:** Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza.

### **Material Deportivo:**

**Canas:** Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca por pescador, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

**Cebo:** Constará, probablemente, de 3 caixas gavián , 2 de coreano e 3 caixas de norte na 1ª manga, e 7 caixas de gavián e 1 de coreano na 2ª manga. O cebo subministrará a Federación Galega de Pesca e Casting. Será o cebo que se indica ou semellante, en todo caso serán iguais cantidades e especies para tódolos deportistas.

**Anzois:** Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 mm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo ou campionato.

É obrigatorio para tódolos deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun caldeiro de polo menos 17 litros e un osixenador, que estará en funcionamento sempre que haxa capturas no mesmo.

### **Medición e control das capturas**

Consideraranse válidas tódalas capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introduciranse no caldeiro (anzoada ou desanzoada), antes de realizar o seguinte lanzamento da cana.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis ou membros do Comité. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.

O deportista deberá de realizar o desanzoado da captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

### **Programa para ámbolos días**

12,00 horas: Recepción dos deportistas no escenario da proba.

12,30 horas: Sorteio de postos.

15,00 horas: Inicio da Primeira Manga.

18,00 horas: Fin da Primeira Manga.

19,00 horas: Inicio da Segunda Manga.

22,00 horas: Fin da Competición.



Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

### **Normas de comportamento:**

Para facer o lance pódese entrar na auga a altura do nocello.

Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza. . Preferentemente no centro do posto, retirado a 5 metros coma mínimo da liña separadora dos postos a súa dereita e esquerda

Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello da auga. Cobrando normalmente o aparello e estando atento á chegada dos Controis para a entrega das capturas.

Os deportistas poderán recuperar a liña rápida ou lentamente, pero a acción de recoller a tiróns esta prohibido e significará a non contabilización coma válidas das capturas realizadas ata ese momento.

As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga ou calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.

Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou á contorna. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final dá proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Soamente poderán entrar nos postos dos competidores os xuíces, e os controis exclusivamente a petición dos participantes. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta ao Comité de Disciplina ou Xuíz Único de competición que, de ser o caso, iniciará o expediente oportuno.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.



Os tres deportistas que queden primeiros na clasificación final dos dous días, xunto co vixente clasificado no Autonómico da especialidade, representarán a Galicia no vindeiro campionato nacional Mar Costa 2025.

Descenderán tantos deportistas como fosen necesarios para que o selectivo quede composto por 18 deportistas. Os postos de descenso comezarán a adxudicarse polo último clasificado e en orde ascendente ata o 19º posto.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexerémonos polas Normas da Federación Española de Pesca e Casting da especialidade.

Os deportistas con dereito a inscrición nesta competición son os que se relacionan no **Anexo I** destas bases.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

**Asdo. D. Manuel Campos Cruces**  
**Presidente do Comité de Mar-Costa da FGPeC**



## ANEXO I

### SELECTIVO 2024

- Óscar Pardo Vila (W Latorre)
- Óscar Beceiro Sedes (Riomar 2008)
- Pablo Raúl Cámara Martínez (O Capote)
- Antonio Luís Calvo Fernández (Españazo Fishing Team)
- Luís Alberto Tomé Fernández (O Capote)
- Carlos Eimil Fraga (Españazo Fishing Team)
- Emilio José Ceniza Fontes (Surfcasting Narón)
- Carlos Bermúdez Barros (O Capote)
- Francisco José Vilar Veiga (Españazo Fishing Team)
- Javier Longueira Freire (O Capote)
- Francisco Paz Lamelas (Surfcasting Narón)
- Francisco Javier Mareque Galego (WLatorre)
- Pablo Torreira Corral (O Capote)
- José Antonio Naveira Martínez (O Capote)
- Jesús Manuel Ayaso Vidal (W Latorre)
- Ramón Miguéns Oliveira (O Isco)
- Miguel Bazaga González (Moita Escama)
- José Luís Sobrado Soto (O Rodaballo)

### CON PRAZA

- Pablo Vázquez Bernárdez (Rías Baixas)
- Manuel Andrés Sendón Prada (Surfcasting Narón)
- Óscar Arosa García (Barbanza)
- José Enrique Díaz Sueiras (O Rodaballo)

### ASCENDIDOS AUTONÓMICO 2024

- Alejandro Fontán Durán (Moita Escama)
- Santiago Vieito Iglesias (Barbanza)
- Francisco Estévez Villanueva (Pesca Cíes)
- Jesús Rivera Hermida (Riomar 2008)
- Roberto Fraga López (Españazo Fishing Team)
- Ignacio Granda Bret (Riomar 2008)